

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta
D. Diego Alcantarilla Rei

NON ASISTE:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dezasete de xaneiro do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D.^a María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 10 DE XANEIRO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 10 de xaneiro de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 10 de xaneiro de 2023.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Resolución do 9 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, pola que se actualiza o Anexo I incluído na Resolución de 4 de

xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE núm. 9 do 11-01-2023.

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes – Sección de Educación, Cultura e Deportes da Deputación Provincial da Coruña, relativo á aprobación por Resolución de Presidencia 1036/2023, do 11 de xaneiro de 2023, das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal técnico para a atención de museos e centros museísticos (museos, coleccións museográficas ou centros de interpretación), durante o ano 2023. BOP núm. 10 do 16-01-2023.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

ÚNICO.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PRESENTADO POLA EMPRESA MANTIDO, S.L. PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “ARRANXO E POSTA EN VALOR DO CAMIÑO MUNICIPAL Nº 125 (CAMIÑO INGLÉS)”

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de xaneiro de 2023 (CVD: mtR7ztqhakER1luj9uyp), que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/00007 para a contratación das obras do proxecto denominado "Arranxo e posta en valor do Camiño Municipal nº 125 (Camiño Ingles)".
Expediente: 2022/C003/00007.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2022 polo que se adjudicou a obra á empresa "Mantido, S.L.", formalizándose o correspondente contrato con data 27 de outubro de 2022.

Visto que o servizo de coordinación de seguridade e saúde de dita obra corresponde á entidade Gallega de Coordinacións, S.L. adjudicataria do expediente "Coordinación de seguridade e saúde de diversas obras públicas no Concello de Cambre" segundo establece o acordo da Xunta de Goberno Local de 06/06/2021 (exp. 2020/C004/000022).

Visto o informe favorable de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde con data do 13 de decembro de 2022, emitido polo coordinador de seguridade, D. Francisco Jesús Cobas Fernández, con entrada neste concello en data 13 de decembro de 2022 e rexistro de entrada 202299900006821, respecto ao Plan de Seguridade e Saúde realizado pola empresa adjudicataria das obras Mantido S.L. para a obra de referencia.

Visto o informe favorable emitido con data 03 de xaneiro 2023 (CVD: PquWsb1c0TsESQjH1xkq) polo enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Aprobar o Plan de Seguridade e Saude presentado pola empresa "Mantido, S.L." para a execución das obras do proxecto denominado "Arranxo e posta en valor do Camiño Municipal nº 125 (Camiño Ingles)".
Expediente: 2022/C003/00007

Segundo: Notificar este acordo á empresa "Mantido, S.L." e a empresa Gallega de Coordinacións, S.L. e dar traslado á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnaló directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 10 de xaneiro de 2023 (CVD: mtR7ztqhakER1luj9uypp), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELLEIROS DELEGADOS DA ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 5 ao 12 de xaneiro de 2023, que comezan coa Resolución da Alcaldía núm. 9/2023 e rematan coa Resolución da concelleira delegada da Área de Benestar Social núm. 31/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
9/2023	05-01-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 10 de xaneiro de 2023
10/2023	05-01-2023	Resolución de cesamento de auxiliar administrativa interina do departamento de Servizos
11/2023	05-01-2023	Incautación da fianza de 7.083,46 euros achegada por S.S.A. en concepto de garantía da correcta execución das obras de urbanización a realizar no ámbito físico afectado polo convenio urbanístico suscrito entre o Concello de Cambre e R.S.P.M. o 20 de xaneiro de 1993.
12/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a M.R.C.B. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
13/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a N.G.M.T. por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
14/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a P.V.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
15/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a L.J.S. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

16/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a K.F.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
17/2023	09-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a D.J.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
18/2023	10-01-2023	Delegación de funcións da Alcaldía do día 26 de xaneiro ao día 3 de febreiro de 2023, ambos incluídos
19/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a L.J.S. por un período máximo de 18 meses condicionada ao cumprimento do proxecto
20/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a N.G.M.T. por un período máximo de 18 meses
21/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a P.V.M. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
22/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a K.F.C. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
23/2023	10-01-2023	Expedientes sancionadores de tráfico – Acordos de inicio
24/2023	11-01-2023	Desestimación das alegacións presentadas por A.J.R.A., en representación de L.A.V.G. e orde de eliminación dos vertidos existentes en parcela sita no lugar da Rocha, Anceis, con advertencia de execución subsidiaria ou execución forzosa
25/2023	10-01-2023	Concesión de axuda de emerxencia social de alimentación a D.J.L. por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
26/2023	11-01-2023	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e concesión de prazo de audiencia a N.F.S. e D.R.M. pola construción dun peche en parcela sita en Amil, Cambre, sen o preceptivo título habilitante. VIENE DEL2022/x999/000757
27/2023	11-01-2023	Requerimento a M.C.M. para que nun prazo de 3 meses regularice a zona de cesión existente en finca sita en Anceis, ata que quede a nivel co camiño público.
28/2023	11-01-2023	Delegación de funcións da Alcaldía os días 19 e 20 de xaneiro de 2023 no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
29/2023	12-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social de alimentación a C.J.J. por non estar acreditada a situación de necesidade
30/2023	12-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social de alimentación a M.C.M.V. por superar o límite de ingresos máximo establecido na ordenanza
31/2023	12-01-2023	Denegación de axuda de emerxencia social de alimentación a E.C.M.L. por non estar xustificada a situación de necesidade

5.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo